

FASCISMOS E PERÍODO DE ENTREGUERRAS

**Da formulación teórica á construción dos
Estados Totalitarios**

(1918 - 1939)

**Prof. Jesús Luís Vázquez Pajares
(4º da ESO)**

Introdución á situación da Europa de posguerra

Se antes e durante a IªGM observárase en Europa un **cuestionamento estendido do réxime liberal** vixente, desafiado polas **tendencias autoritarias** alemá, rusa ou austrohúngara ao tempo que pola popularidade acadada entre as masas obreiras dos **movementos social – anarquistas**, o fin da guerra non trouxo a fin destas problemáticas.


O triunfo da **Revolución Rusa**, as elevadas **sancións económicas** impostas no marco do Tratado de Versalles (1919) ou a xeral **destrución material e empeoramento das condicións de vida**, fixeron que cada vez máis, a poboación desconfiase dos seus gobernos.



Revolución espartaquista, Berlín (1919)



**Veterán mutilado pide
esmola nas rúas**



**Hiperinflación do marco
alemán (1921-23)**



Milicias comunistas italianas na entreguerra



Sufraxistas británicas



Colas de desempregados tras a IªGM

Introdución á situación da Europa de posguerra

Por se fose pouco, a **desigualdade** rexional fíxose notar entre **vencedores e vencidos** e dentro destes últimos, entre aqueles máis e menos beneficiados, contribuindo a mesma posguerra nuns casos á consolidación dun **desenvolvementismo económico** e fortalecemento dun **espírito positivo de crecemento constante** (ex. os anos 20s nos EEUU) mentres noutros lugares, as **ambicións territoriais e promesas víanse trucadas** (ex. Italia) e noutros moitos, o paso da guerra e cumprimento coas elevadas **indemnizacións e endebedamento** asociado ao **Plan Dawes**, forzaban un **espírito de derrota, humillación e carestía estrutural**.



Verdún tras a IªGM




Cambios territoriais en Europa tras a IªGM




Toma de Fiume D'Annunzio



Ambicións territoriais italianas



Sancións e perdas territoriais impostas a Alemaña



Esquema de funcionamento do Plan Dawes

Introdución á situación da Europa de posguerra

Claro está, non todos sentiron por igual as necesidades, dándose no mesmo tempo o afloramento de expresións culturais e artísticas eminentemente burguesas, vencelladas a outra percepción ben distinta dos mesmos tempos, a desas elites que, finalizada a guerra, desexaban ante todo celebrar a conservación da posición, dando lugar a un período de **alegría e vitalismo** encarnado na **moda e ambiente cultural do París dos “felices anos 20s”**.



Espectáculo nun teatro de Berlín




Acrobacias aéreas



Bailarinas no Moulin Rouge (París)



Moda feminina



Gran teatro de Berlín



Tráfico na quinta avenida de New York

Introdución á situación da Europa de posguerra

Doutra banda, o **proletariado**, que sacrificara os seus intereses de clase durante o conflito en virtude dos compromisos nacionais coa guerra, **recupera con forza** as súas **demandas, intensificándose** as ocupacións de terras, as folgas, as reivindicacións laborais e en suma, o desafío á lexitimidade dos estados liberais burgueses e oligárquicos.

Debe considerarse aquí tamén que, **tras servir na Gran Guerra**, resultaba unha reflexión ou razoamento común a estes veteráns o que levaba a apoiar as súas **reclamas na idea dun pago ou recoñecemento ao seu sacrificio** (lóxica similar á das colonias nestes tempos, onde se intensificarán movementos independentistas como o indio).



Mineiros de Manchester en folga (1926)



**Veteráns mutilados
sen emprego**



**Marcha de veteráns contra Washington
polos Bonus Army (1932)**



**Masas de parados e vagabundos americanos
desprazándose entre estados sobre os trens**



Reunión do congreso da Komintern




**Manifestación do
Partido Comunista
Italiano**

Introdución á situación da Europa de posguerra

Como resultado da intensificación das reclamas populares (animadas por situacións económica en moitos casos adversas) as **tendencias autoritarias popularizáronse**, de tal modo que eses réximes liberais oligárquicos apostan pola introdución de **elementos militares, situacións de excepcionalidade** e en suma, modelos cada vez máis próximos aos das ditaduras, baixo os cales a **burguesía** (alarmada en extremo pola mobilización popular que desafiaba a súa posición) **sentía máis protexidos os seus intereses**.



**Xuventudes de Acción
Popular (JAP) (1932-37)**



**Fronte Patriótico (Austria)
(1933 - 1938)**



Gil Robles nun mitin de Acción Popular 1936



Concentración da Fronte Patriótica (1936)




**Partido Nacional Socialista Obreiro
Danés (DNSAP) (1924-1945)**




**Movimento Nacional Socialista dos
Países Baixos (1931-1945)**



Actos do DNSAP (1940)



Reunión do partido (1941)



**Lexión de San Miguel Arcanxo
(Rumanía) / Garda de Ferro
(1927-1941)**



**Organización de Nacionalistas
Ucranianos (OUN) (1929-1940)**



Desfile de lexionarios en Bucarest (1940)



**Ucranianos étnicos da OUN declaran o seu
compromiso coas forzas de ocupación nazi (1941)**



**Unión Británica de
Fascistas (BUF) (1932-1940)**



Oswald Mosley (lider fundador da BUF) aclamado



**Xuventudes
Patrióticas francesas
(JP) (1924-1936)**



Marcha das JP (Xuventudes Patrióticas)

Introducción á situación da Europa de posguerra

Réximes en Europa á altura de 1923



Réximes en Europa á altura de 1937



Os primeiros fascistas: orixes e apoios

Contrariamente ao que se pode crer ao pensalo como un movemento vilento, marxinal e propio de sectores radicais, fanatizados e escasamente formados, **os primeiros fascistas foron verdadeiros intelectuais**: poetas, profesores universitarios, periodistas, políticos e teóricos, apaixonados da cultura clásica ao tempo que das novidades da contemporaneidade, neopaganos, homes excelsamente formados conscientes da crise que vivía a súa época e dispostos a plantexar unha alternativa que soñaba nas súas formas máis básicas e inocentes coa redefinición duns estados fortes, orgullosos e comprometidos coa fraternidade dos cidadáns, sen o pensamento individualista ou fragmentario que xerara as sociedades políticas liberais.

Os primeiros fascistas: orixes e apoios


Estes individuos (entre os que destacan **Gabriele D'Annunzio**, **Arthur Moeller** ou **Anton Drexler**) **viron na IªGM** e a etapa (como xa sinalamos antes, en moitos sitios de crise) que foi a **entreguerra** a **confirmación de que o vello mundo morrera** e correspondía a eles **reclamar a dirección na construción do que estaba por vir**.

Neste sentido, a **experiencia común de guerra**, tivo moito que dicir na **radicalización das súas posturas** pero sobre todo, na **adopción dun novo discurso do dereito a acceder ao poder** que entendía que lles proporcionara o **servizo na guerra**, así como o **dereito a reclamar ese poder**, de ser necesario, **polas vías violentas** usadas na contenda.




Marinetti

**Mussolini (esquerda) e Gabriele
D'Annunzio (dereita)**




**Arthur Moeller van
den Bruck**




Antón Drexler



Giovanni Gentile



Carl Schmitt




Rudolf Jung

Os primeiros fascistas: orixes e apoios

O discurso do dereito a algunha **recompensa polo servizo** uniuse coa **frustración nacionalista** polas “**vitorias mutiladas**” de estados como o italiano (ao que non lle entregaran as colonias africanas, ou territorios da Dalmacia e áreas transalpinas demandadas). Como resultado, un bo número de **agrupacións de veteráns**, comprometéronse pronto cos **fascistas**, de por si **próximos a esta esfera**, da que tomaron símbolos e **estética** (organizando os seus propios **grupos paramilitares** cos que facer evidente nas rúas a súa presenza) (ex. “camisas negras” ou “SA”).



Rama xuvenil das Sección de Asalto (SA)



Camisas Negras na marcha sobre Roma

Os primeiros fascistas: orixes e apoios

Algúns obreiros e clases baixas apoiaron estas vías tamén dende datas temperás, en especial aqueles **comprometidos xa de antes co anticomunismo** (hai que ter presente nese sentido o traballo da democracia cristiá) e que **viron nas corporacións fascistas unha forma de sindicalismo máis violento** co que poder tamén reivindicarse (ex. **fascios sicilianos** mesmo dende antes da IªGM).

De todos os xeitos, estes grupos non compraron demasiado ben os discursos fascistas orixinais (mesmo cando dirixiron consignas específicas cara a reformas na terra ou traballo) **fidelizándose frecuentemente logo**, en parte **grazas aos éxitos económicos e pseudo estados de benestar** que construírán para estes cidadáns étnicos que por primeira vez desfrutarán de conceptos como os de vacacións.

Os primeiros fascistas: orixes e apoios

Queda falar por último do grupo favorito da historiografía os **empresarios, grandes capitalistas e clases medias acomodadas**, temerosas do cambio na súa posición que podería xerar unha revolución socialista e dispostos a apostar o seu apoio e financiamento a posición políticas extremas que lles garantisen, mesmo se debía ser baixo o totalitarismo, o seu elitismo.

Neste sentido, non hai dúbida de que esto foi así, e non só entre os **grandes industriais alemán** que logo aumentarían as súas fortunas coa IIªGM (ex. Thissen ou Siemens) senón **tamén entre medianos e ate pequenos propietarios**, que como no caso italiano, demonizaran o perigo vermello ate o punto de preferir fascistas a folgas.



Presentación do Volkswagen ante o führer



Fábrica de Kodak, Berlín, 1930s



Henry Ford recibindo a cruz da aguiá (1938)



Uniformes de Hugo Boss (1934)



Anuncio Fanta

Ideoloxía e pensamento tras os fascismos

Nun sentido puro, o fascismo é máis unha antideoloxía que unha ideoloxía, pois parte da negación dos preceptos doutras:

- **Anticomunismo** (por pretender o **gobierno do pobo**, alterando a estrutura social e conformando unha **realidade anárquica** e nas variantes orixinais **renunciar ao compoñente nacionalista**)
- **Antiliberalismo** (por resultar o **modelo vixente**, que **non lograra satisfacer as necesidades e retos da posguerra** e que representaba ademais o **gobierno da oligarquía**, cúa **cultura e valores** era interpretada polos fascistas xeralmente como **dexenerada**)
- **Anticonservadurismo** (por representar para eles a **ideoloxía dos vellos**, da **dereita aristocrática e inmóbil**)

Ideoloxía e pensamento tras os fascismos

Seguindo o anterior, enraíza ademais nun **espírito ou filosofía previos**, os do escepticismo e **morte da modernidade** (entendida esta como o **pensamento racional ilustrado herdeiro da Idade Moderna**) cuxo exemplo último é a **nietschiana “morte de Deus”** e que trae consigo o **desafío á moral e valores anteriores** en prol dunha **novidade absoluta** da que os fascistas se senten plenamente parte, relacionándose cos **movimentos futurista ou irracionalista**, parte inherente da súa identidade, caracterizada ademais por **idealizar a violencia**, as **máquinas** (en especial as novas como avións e automóbiles) a **idea do masculino e o viril** ou o **retorno ao clasicismo** como **vía para redescubrir o moderno** (mundo antigo, reinos xermanos... como referentes identitarios fronte á identidade nacional liberal previa).


Ideoloxía e pensamento tras os fascismos

Nun sentido máis práctico, e pese a negalos, **o fascismo bebe de todas as ideoloxías anteriores**, plantexando entre outros estes **principios**:

- **Nacionalismo exhaltado** (inspirado nas expresións xa vistas no contexto dos reximes liberais na IªGM) coa novidade do **compoñente étnico da nación**
- **Imperialismo e historicismo** (concretado na **reivindicación dun pasado glorioso** e non só o desexo, senón a **necesidade de recuperar parte del** por medio dun **programa expansionista**)
- **Socialismo e corporativismo** (demostrando **preocupación polos elementos obreiros e as cuestións sociais**, mais dentro dunha **concepción do traballo e do Estado, sindical-corporativa**, onde non cabía folga ou desacato)
- **Simbolismo e culto aos mártires** (importancia capital dos símbolos como **afirmadores dunhas lealdades e identidades comúns a toda a sociedade**)

Ideoloxía e pensamento tras os fascismos

- **Caudillismo, mesianismo e providencialismo** (exaltan e renden culto á figura dun líder guía e salvador, o cal concentra todos os poderes e é expresión dos destinos da patria, chamada á grandeza) (ex. *führer* ou *duche*)
- **Vitalismo** e aposta pola **xuventude**, a **familia** e a **violencia** (defenden as xuventudes coma plataformas para o adoutramento dos sectores fanáticos, así mesmo, din venerar a vida a través do desafío á mesma por medio da morte, banalizando e ritualizando a violencia, que dentro da idea de rotura de valores anteriores, pasa de criminalizarse a alabarse)
- **Totalitarismo** (conciben o Estado como un corpo vivo que debe velar polos cidadáns de dereito pero tamén estar presente en todas as facetas da vida)
- **Racismo** e **euxenesia** (falan da existencia de razas superiores e inferiores, ao igual que individuos a eliminar, nocivos para a xenética do colectivo, que debe mellorarse artificial e conscientemente)



Cartel racista contra a
“música dexenerada”




Cartel
fascista
italiano
dirixido ás
clases
populares de
traballadores



Publicidade electoral fascista
italiana, exemplo de culto ao líder



Cartel racista en denuncia do
xudaísmo internacional



Propaganda en favor da familia
tradicional alemá (abrazada pola
agua imperial / estado totalitario)

Programa dos Fasci Italiani di Combattimento/ Programa de San Sepolcro (1919)

Italianos! Velaquí o programa dun movemento sanamente italiano. Revolucionario porque é antidogmático e antidemagóxico; Altamente innovador porque é anti-prexuciado. Poñemos a valorización da guerra revolucionaria por encima de todo e de todos. Os demais problemas: burocráticos, administrativos, xurídicos, escolares, coloniais etc., exporémolos cando creemos a clase dominante.

Polo problema político QUEREMOS:

- Sufraxio universal por listas rexionais, con representación proporcional, voto e elixibilidade para as mulleres.
- A idade mínima para votar redúcese a 18 anos; O dos deputados reduciuse a 25 anos.
- A abolición do Senado.
- A convocatoria dunha Asemblea Nacional por un período de tres anos, cuxa primeira tarefa é establecer a forma de constitución do Estado.
- A formación de Consellos Técnicos Nacionais de traballo, industria, transportes, hixiene social, comunicacións etc., elixidos polas comunidades profesionais ou gremiais, con poderes lexislativos, e o dereito para elixir un Comisario Xeral con poderes de Ministro.

Polo problema social QUEREMOS:

- A pronta promulgación dunha lei estatal que estableza a xornada legal de oito horas para todos os traballos.
- A creación e regulación duns salarios mínimos.
- A participación dos representantes dos traballadores no funcionamento técnico da industria.
- Confiar a xestión das industrias ou dos servizos públicos ás mesmas organizacións proletarias (que son moral e tecnicamente dignas).
- O asentamento rápido e completo dos traballadores ferroviarios e de todas as industrias do transporte.
- Unha modificación necesaria do proxecto de lei sobre o seguro de invalidez e vellez, reducindo o límite de idade, actualmente proposto en 65 anos, a 55.

Para o problema militar QUEREMOS:

- A creación dunha milicia nacional con servizos de adestramento curtos e unha tarefa exclusivamente defensiva.
- A nacionalización de todas as fábricas de armas e explosivos.
- Unha política exterior nacional encamiñada a valorizar, nas competencias pacíficas da civilización, a nación italiana no mundo.

Para o problema financeiro QUEREMOS:

- Un forte imposto extraordinario ao capital de carácter progresivo, que se concreta nunha verdadeira EXPROPIACIÓN PARCIAL de toda a riqueza.
- A confiscación de todos os bens das congregacións relixiosas e a abolición de todas as mesas episcopais, que constitúen un gasto para Nación e un privilexio.
- A revisión de todos os contratos de subministración de guerra e a confiscación do 85% dos beneficios da guerra.

Programa do NSDAP “dos 25 puntos” 1920

1. Esiximos a unión de todos os alemáns para constituírmos unha Grande Alemaña fundada no dereito de autodeterminación dos pobos.
2. Esiximos a igualdade da nación alemá coas demais nacións e mais a abolición dos tratados de paz de Versalles e Saint-Germain.
3. Esiximos espazo e territorio (colonias) para o sustento do noso pobo e para establecer os nosos excesos de poboación.
4. Ninguén, á parte dos membros da nación, poderá ser cidadán do Estado. Ninguén, fóra daqueles por cuxas veas corre sangue alemán, sexa cal for a súa relixión, poderá ser membro da nación. Xa que logo, ningún xudeu poderá ser membro da raza e, por tanto, cidadán alemán. [...]
7. Esiximos que o Estado se encargue primeiro de fornecer un sustento e medio de vida aos cidadáns. De ser imposíbel soste toda a poboación do Estado, daquela os pertencentes a nacións foráneas (non cidadáns) haberán ser expulsos do Reich.
8. Calquera tipo de inmigración de non cidadáns debe ser detida. Esiximos que todos os non alemáns, quen inmigraron á Alemaña dende o 2 de agosto de 1914, sexan obrigados a abandoar de contado o Reich. [...]
16. Esiximos a creación dunha clase media sa e mantida, a comunalización inmediata dos grandes almacéns e o seu arrendamento a baixo custe ás pequenas empresas, ben como un maior fomento da pequena empresa e comercio mediante contratos co Estado, o concello e o condado.
17. Esiximos unha reforma agraria axeitada ás nosas necesidades, a promulgación dunha lei para a expropiación gratuíta de terreos con fins de utilidade pública, a abolición do imposto sobre bens inmoables e a prevención de toda especulación do solo.
18. Esiximos a loita sen cuartel contra aqueles cuxas actividades sexan prexudiciais para o interese xeral. Os delincuentes comúns, usureiros, especuladores e outros serán castigados coa pena de morte, sen diferenciación de credo ou raza. [,,]
21. O Estado ha velar por unha mellor saúde xeral, protexendo a nai e o fillo, coa abolición do traballo infantil, e alentando a aptitude física mediante o establecemento legal de ximnasios e da práctica do deporte obrigatorio, co máximo apoio de todas as institucións preocupadas pola instrución física da mocidade. [...]
24. Esiximos a liberdade de culto para todas as confesións relixiosas dentro do Estado, sempre en cando non poñan en perigo a existencia do mesmo, nin se opoñan ao senso moral da raza aria. O partido como tal defende un cristianismo positivo, sen se obrigar 2 confesionalmente a ningunha denominación. Combaterase así o espírito materialista xudeu dentro e arredor de nós, na convicción de que o rexurdimento duradoiro da nosa nación só pode ter éxito dentro do lema “o ben común precede ao ben individual”.
25. Para a execución de todas estas demandas, esiximos a formación dun forte poder central no Reich. A autoridade ilimitada do parlamento central sobre todo o Reich e as súas institucións en xeral. A conformación de cámaras estatales e profesionais para a execución das leis do Reich nos diversos Estados da federación.

Chegada ao poder: entre a conquista e as urnas

Para o caso italiano, a chegada ao poder pode retrotaerse a **1921**, cando consolidado coma **fenómeno de masas** (con máis de **200.000 militantes en só tres anos** de existencia) o **Partido Fascista** logra nunhas **eleccións 38 escanos**, erixíndose como unha **forza parlamentaria menor pero ben asentada**.

A entón fervente **cuestión socialista**, e a **postura radical dos fascistas** ao respecto (perseguinto cos seus grupos paramiliates aos comunistas ao punto de matalos, ex. deputado Matteotti) **failles gañar simpatías entre os propietarios** e os sectores **liberais máis conservadores** da cámara, que os ben e tratan como **aliados convintes**, consentindo os **abusos e persecución política** levada a cabo polos “camisas negras”.

Chegada ao poder: entre a conquista e as urnas

Animados polos éxitos previos e certas simpatías de militares, políticos, adineirados capitalistas e boa parte das clases propietarias do país (moi alarmada, en parte polo tratamento mediático extremo, ante a “ameaza comunista) o PNF (Partido Nacional Fascista) (liderado dende o ano anterior por Benito Mussolini) organiza unha **marcha sobre Roma** que derroca ao goberno en **outubro de 1922**.

Dende entón e ate a liberación de Italia na IIªGM, gobernarán os fascistas, primeiro en alianza coas demais forzas do parlamento, dende as eleccións de **1924 con maioría absoluta** e **a partir de 1926, sen atender ao parlamento**, subordinado ao Duche e **dende 1928, ao Gran Consello Fascista** (que adquire o rango equivalente ao constitucional) (esta dexeneración democrática é a “**revolución legal**”).




Marcha sobre Roma (1922)




**Vittorio Emanuele III
(Rei de Italia)**




Benito Mussolini dando un discurso




Europa será fascista <https://www.youtube.com/watch?v=CoINnm6vdmM>



Eleccións xerais 1921



Eleccións xerais 1924



Eleccións xerais 1929

Chegada ao poder: entre a conquista e as urnas

Para o **caso alemán**, esta chegada ao poder dase bastante máis tarde. En parte débese á ausencia de dúas das claves do éxito italiano, o aumento rápido do apoio popular e a tolerancia e mesmo alianza co poder. Ao non darse esta situación, cando o **NSDAP** leva a cabo o equivalente xermano á “marcha sobre Roma” o ***putsch de Munich***, en **1923**, non se conquista ningún poder, senón que os líderes nazis (entre eles **Hitler**) son detidos e reos por un tempo.

Para **1924**, saen da cárcere cunha **ideoloxía máis formada**, novos e importantes contactos como o de **Rudolf Hes**, e unha obra que dará a coñecer ao mundo o seu programa, ***Mein Kampf***.

Chegada ao poder: entre a conquista e as urnas

Á altura de **1928** e inda sen acadar as cifras de militantes que lograra no seu momento o PNF, o **NSDAP** acercábase aos **180.000 afiliados** e reforzara moito o seu corpo paramilitar, as **SA**, enormemente activas na persecución de xudeus e comunistas. Nese mesmo ano, **acoden por primeira vez ás eleccións** con resultados mínimos, do **2,6% dos votos** e **12 escanos** no parlamento (Reichstag).

A crise económica e política de finais dos anos 20s (onde se asiste globalmente ao “crack do 29” e localmente ao desmonoramento da República de Weimar) sumada ao ascenso da vía socialista nas eleccións, fai crecer a escolla nazi entre os votantes.

Chegada ao poder: entre a conquista e as urnas

Para **1930**, as segundas eleccións do NSDAP, reciben xa o **18,3% dos votos** e **máis de 100 deputados**. Uns resultados que se multiplican en **1932**, cando logran o **40% e 230 deputados**, volvéndose con diferenza a forza máis votada, seguida dos comunistas. Como resultado, **Hitler** demandará o goberno e cargo de chanceler, negándoselle unha e outra vez, forzando eleccións nas que irán perdendo escanos sen perder a maioría ate que finalmente, en **1933**, sen poder atrasar máis a situación, **Hitler** entre nun **primeiro goberno con minoría nazi** (co apoio de empresarios e a alarma global tras o **incendio do Reichstag**) e maioría liberal-conservadora, mudado no mesmo ano por **outro integralmente nazi** que ao pouco promulgará unha **lei de poderes especiais** coas que o novo chanceler podía legislar sen o parlamento.



Hitler e Rudolf Hes durante o seu tempo en prisión



Cartel propagandístico de Hitler como cabaleiro medieval




Putsch de Munich (1923)




Incendio do Reichstag (1933)


Discurso 1936 <https://www.youtube.com/watch?v=LMbd-UYyEd0>



Eleccións xerais 1928



Eleccións xerais 1930



Eleccións xerais 1933

Construción e características do Estado fascista

Pese a que a imaxe popular manexada nos fai crer o contrario, **en ningún caso a chegada dos fascistas ao poder político implicou un cambio radical** da noite á mañá. De xeito máis rápido para o caso alemán e máis gradual para o italiano, **o que se viviu nos primeiros meses e inda anos destes gobernos foi un deterioro paulatino da democracia liberal**. Así, comezando por ilegalizar partidos, obviar trámites parlamentarios ou repetir mandatos, o camiño que foron definindo rematou en **ditaduras xenocidas** que non se patexaran publicamente como tales nos seus inicios. Por este mesmo motivo é **difícil falar dun único Estado fascista**, xa que **este foi escalando (en Italia, por exemplo, a este proceso chamóuselle a “revolución legal”)**.

Construción e características do Estado fascista

Con todo, pode facerse un esforzo por definir **algunhas das características** que amosarían os **estados fascistas** no momento da súa máxima expresión:

- **Partido único** e negación do dereito de existencia dos demais, prohibindo e logo perseguindo estas organizacións, militantes e simpatizantes.
- **Xerarquía de mandos persoais** con poderes totais e superposición de competencias entre ditos mandos.
- **Negación dos dereitos individuais e colectivos** máis básicos (control de movementos, expresión, asociación...) nun “perpetuo estado de excepción”.
- **Represión estatal organizada** (OVRA ou Xestapo) como medio para controlar á poboación a través do medo (conformando ademais **redes de campos e informantes** na lóxica dun “estado policial”).

Construción e características do Estado fascista


- **Organización corporativa da sociedade** dende a **empresa** con rexementos de traballadores ate o **ocio** (campamentos e cidades vacacionais de patrocinio estatal nazi) pasando pola **socialización infanto-xuvenil** (xuventudes hitlerianas); expresión do **traslado da disciplina militar á vida civil**.
- **Economía de estado intervida** (de inspiración keynesiana), con **gran peso da industria militar**, allea ás restricións legais sobre traballo (aumento de xornadas ou emprego de man de obra escrava en tempos de guerra) e **con compoñente depredador nos territorios conquistados**.
- **Totalitarismo**, concretado agora dende o ideolóxico ate o práctico por medio da **formación dun aparello institucional chamado a facer omnipresente o Estado na vida dos cidadáns**.
- **Adoutramento político** nos principios e fidelidade ao réxime, confundido política, propaganda, vida ou educación nun todo.



Escola alemá con simboloxía nazi



Congreso nacional do NSDAP



Nenos discapacitados, capturados e asasinados no programa Aktion T4



Rexemento de traballadores nazis (RAD)



Campo de Dachau tras a súa construción (1933)

Las Leyes de Núremberg

Sangre alemana	Mestizo de 2º grado	Mestizo de 1º grado	Judío	Judío
 Abuelos Padres Permitido Niños de sangre alemana Permitido Niños considerados de sangre alemana Matrimonio antes aprobado sólo con permiso	 Abuelos Padres Permitido Niños de sangre alemana Antes prohibido Matrimonio antes aprobado sólo con permiso	 Abuelos Padres Matrimonio antes aprobado sólo con permiso Matrimonio antes aprobado sólo con permiso Antes aprobado Niños de sangre mestiza Antes aprobado Niños de sangre judía Antes aprobado Niños de sangre judía Antes aprobado Niños de sangre judía	 Abuelos Padres Antes prohibido Antes prohibido Antes aprobado Niños de sangre judía Antes aprobado Niños de sangre judía Antes aprobado Niños de sangre judía Antes aprobado Niños de sangre judía	 Abuelos Padres Antes prohibido Antes prohibido Antes aprobado Niños de sangre judía Antes aprobado Niños de sangre judía Antes aprobado Niños de sangre judía Antes aprobado Niños de sangre judía

Simbología

Sangre alemana			Pertenece a la comunidad alemana alemana, puede ser un ciudadano del Reich.
Mestizo de 2º grado			No pertenece a la comunidad alemana alemana, puede ser un ciudadano del Reich.
Mestizo de 1º grado			No pertenece a la comunidad alemana alemana, puede ser un ciudadano del Reich.
Judío			Pertenece a la comunidad alemana judía, no puede ser un ciudadano del Reich.
Judío			Pertenece a la comunidad alemana judía, no puede ser un ciudadano del Reich.

Casos especiales en mestizos de 1º grado

	Mestizo es considerado judío si es parte de la comunidad religiosa judía.
	Mestizo es considerado judío si está casado con uno.
	Niños de sangre judía.
	(Ver arriba)

Ley de ciudadanía del Reich del 15/9/1935

Primer decreto del 14/11/1935

La ley de ciudadanía del Reich depende de la adquisición en cada caso individual.

Ley para la protección de la sangre alemana y el honor alemán del 15 de septiembre de 1935

Primer decreto del 14/11/1935

Los matrimonios ya existentes no se ven afectados.

Reichsleiter Göring del Reich
Nº 128 del 14/9/1935
Nº 129 del 14/9/1935

Diseño: Will Hakenberger
Letrero: 387

Derechos de autor por el Comité del Reich para el Servicio de Salud Pública.

á administración, desempeño de oficios...)

A map of Germany and surrounding regions (France, Austria, Czechoslovakia, Poland, Lithuania) showing the locations of concentration camps and the years they were established. The camps are marked with yellow dots and labeled with their names and establishment years in green text. The years are: Ravensbrück 1939, Sachsenhausen 1936, Lichtenburg 1933, Buchenwald 1937, Flossenburg 1938, Dachau 1933, and Mauthausen 1938. Major cities like Berlin, Leipzig, Frankfurt, and Munich are also marked with black dots.